

## A primeira visión

**María Lado**

### Formas de citación recomendadas


#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

LADO, MARÍA (2011 [1997]). *A primeira visión*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/231>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

LADO, MARÍA (1997). *A primeira visión*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

\* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a; ou, no seu caso, da copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org*, coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a vixente lexislación sobre dereitos de autor. O proxecto *poesiagalega.org* agradece especialmente a xenerosidade de autores/editores na recuperación para o público lector de textos esgotados ou de difícil acceso.



# A primeira visión

María Lado





# A primeira visión

María Lado



A primeira visión  
© María Lado  
Letras de Cal

Ilustración:  
M<sup>a</sup> Xesús de la Torre

Edita:  
A. C. Amaía  
Apdo. 142, Compostela  
Galiza, abril 1997

Imprime:  
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-922620-1-X  
D. L.: PO 66-97





*Piedade para nós, os que exploramos  
a fronteira do irreal.*

G. Apollinaire





A escena colga da marxe esquerda da pantalla  
Está feita de pegadas dos homes:

## ...do incesto edénico...

Hai arañeiras de mitos fóra,  
o asubío inexistente  
o murmurar morboso  
morden o valado do monte.

(Eva ve a rexión das serpes polo punto de luz)  
e esvara...

pola fría

branca

suave pel

(Eva amárrase á costela do novo ser)

entra no ramallo da árbore salobre,

quece entre os peitos o froito,

renace da espuma das augas albinas,

e descansa sobre un enorme pene de herba,

xurdido do increíble océano.

## ...da morte de Deus...

Xurdiron no tempo do sono,  
nas noites que tentei morrer,  
como ti o fixeras tempo atrás,  
almas escritas en papeis engurrados  
mentes comunistas, guerreiras e amantes  
de neno salvaxe  
(cheo de gracia)  
que liberou á humanidade  
da ruína do esquecemento.  
Así emborracheime nun deses poemas de motel,  
e o vodka  
fíxome colgar  
bandeiras comunistas sobre o altar.  
E chamei a berros  
Pero el non saíu (como esperaba).  
E bebín bágoas de sangue  
derramadas sobre folios de mala calidade  
e convertéronse en néctar.  
E comín bicos  
arrombados entre liñas azuis  
e transformáronse en pan.  
E entendín  
que os corpos observan dende abaixo  
mentres eu te amo.

## ...do sindicato dos pobres...

O agro de detrás do río, levantarse cedo para ir ao mar, as tertulias no serán, o pai matando o porco, unha ducia de ovos menos, frixir o xeonllo contra o chan, os bicos da terra no peito, a luz, a poñer patacas, bañeira e podemos cagar sentados, ansia de federación, cociña de gas, en todos os sitios se trebella, o galego á escola, o estraperlo, poñer máis patacas, crónicas do moderno, ter moita terra na Habana, a cidade onde tecen néboa, Manuel Antonio versus Valle Inclán, rexionalismo, o sinceiro dictante, Marx tamén podería ser galego, o grapo, o galego dialecto (¡¡é unha coña?!), o misto máxico, seguido choran os deuses por nós, te uve ga, galego tridimensional, atención: La Voz de Galicia, El-Rei, o papa tamén (que non falte nin dios), os campos de leite, aserrar polo galaico ata que se nos despeguen, o chan de arume, aínda poñemos patacas, máis tertulias no serán, máis mar, chourizos, galiñas, máis porcos e máis rinchóns, a eira, traballos do tempo novo, grelos, millo versus xabaryl, facer cestos de corres, os bolatos da masa da artesa, balumada, cogumelos, os luns... o sindicato dos pobres.





**...do home de sexo proscrito...**

Colgaba unha arañeira dos aramios enfiados  
que compuñan o cadro da cidade  
e todas as noites iamos pintala de ferruxe  
para que caera sobre aquel viaxante irritado  
e o desfixera polo baixo mal rematado,  
porque non abrías as caixas de música  
que che regalamos,  
nin baixabas ao hades a rescatarnos  
nin querías vestirte de nós na loita.



**...da muller que foxe dos peitos...**

Teño mentiras amarradas á traquea  
por iso cuspo en intentos de anorexia.  
Teño unha bala proxectada no peito  
e bótasme sal na ferida aberta.  
Teño medo de que non saibas coser  
con teas de viúva negra o meu corpo.  
Teño o embigo medrado de medo  
para alugarte mellor, se vés de roxo.  
Teño cogomelos do pan no útero  
teño queixo con furadiños nos pulmóns  
teño chícharos insomnes entre as costelas  
teño un virus publicitario na autoestima  
teño instintos que me psicanalizan  
teño sorte...de que me teñas.

...da calada de adolescencia...

Os campos do opio medraron do roxo e do negro  
e escribes calcáreas liñas sobre a alfombra  
para encontrarmos o camiño de volta...

...a ilimitada e especial  
cea dos sentidos

comeza,

(as notas máis agudas  
da caída das estrelas)

lévame ata a despensa e invítame a quedar  
danzando en círculos de vals entre as abellas...

únxeme,

fai o primeiro debuxo de cinza sobre os ollos  
ensaiemos a escena dos aplausos

na que vai, de boca en boca, a inocencia do autor...

envolvereite nas páxinas do libro das profecías  
amarrado en regalices e nubes rosas

teño máis amigos comigo,

xusto aquí, dispostos a merendarte con pan

o primeiro animal do xénese trae mapoulas para nós  
cóntame a historia da desorde sensorial

(liñas ecuatoriais para tecer sabas,

e os animais cos ollos máis grandes

caídos no chan de cunchas das latitudes mortas)

Agarda un momento...

(...o poeta convértese en visionario)

Preciso un alento de dúas letras.

...da primeira erección...


*Combatamos a morte fodendo*  
(James Douglas Morrison)

As rúas da cópula na necrópole.  
Polos bulevares da visión, sígueme,  
eu farei o resto  
as papilas degustando o alcohol  
feito corpo de pans ácidos.

A besta do sexo afoga no fondo do vaso.

Cambias de repente  
Do cuarto mouro da feluxe  
Ó mar aberto...  
a salgüidade sae dos corpos  
e esvara polas coxas  
como pulgas de ares recién nadas  
¡cantas vidas perdemos!

O cuarto do cemiterio,  
sobre a mámoa do antihome,  
ó carón do deus  
na cinza do daimon.  
Ó sol  
as árbores  
o cheiro a podre.





...do solimán lácteo que sempre cospes...

É a marea que derrete o glaciar antártico,  
e vemos pingüíns debuxando piruetas entre as nubes,  
focas cabaretistas con plumas de cores,  
e aquela morsa tan simpática da liña erótica.  
Anéganse as praias,  
enches os vales e os montes de ti,  
quécesme o corpo co alento  
mentres eu me esvaio por defender o castelo,  
e miro para o teu can, porque sei que che gusta que o  
mire mentres rodamos  
costa abaixo.  
Tírasme caldeiros de auga con limón pola gorxa  
e bañas de espuma a lonxanía dos meus sentidos.

## ...das imaxes que inchan a memoria...

Paríronme nun coche da Velvet Underground  
no día da resurrección dun taxista melenudo,  
e pegóuseme un ritmo de suspensión con coda  
e un cheiro a naftalina, que era o que había.  
(Aquela vella puta acendeume nos ollos as luces da  
cidade dos médicos e cegoume)

Leváronme á barra das patacas nun cesto de aro  
ao lado da poleira das galiñas vellas  
e chocáronme na cabeza ata que llas metín ao caldo  
para almorzalas cuns amigos e chocolate.  
(Dobreime sobre a taza do váter e cuspín miserias de  
anoréxica e bulímica)

Merquei uns guantes negros e uns panos de papel  
e planeei punto por punto a morte das miñas bágoas  
e mentres as esganaba sobre un nacemento de cortiza  
fixen un trío con Afrodita e un rapaz en cueiros.  
(As mulleres de branco e o corvo visitanme de cando  
en cando e susúrranlle aos oídos do meu cabalo  
palabras obscenas que o fan tolear)

Matei o pai, a nai, e as ninfas que o criaron  
e metinos en sal nunha hucha con tapa de uralita,  
e todas as noites chegan os anacos á nosa cama  
e empéñanse en dicir que somos cadáveres poéticos.  
(No noso cuarto hai sobre a madeira uns grans de sal  
que a van roendo ata que chegue o día en que  
podreza, e vexamos polo furado que fagan a terra onde  
nos metan)

**...do sangue morto ou vivo...**

Ás dezanove e trinta cortouse a manteiga, a galiña chocou ovos de sangue e caeron as potas do alzadeiro. Son as dezanove e trinta e un. De noite sentiron falar xente no castro, non sei se vivos ou...

Son as dezanove e trinta e dous. Disque o lobo matou un home no monte.

Son as dezanove e trinta e tres. Hai un can roldando a casa do cura. Ouvéalles pola noite e sei que se lle mete na cama da criada.

Son as dezanove e trinta e catro. Haberá dous días que aquel mendicante lle falou ao finado do meu home na taberna.

Son as dezanove e trinta e cinco. O ferreiro e a muller foron sacar o fillo da campa vella para poñelo na que están facendo e atoparon un galo e unha galiña apertados contra el.

Son as dezanove e trinta e seis. Lévanos para o monte das laxiñas. Come ben. O que me dean. Escríbelles á maestra, que me lea ela. Dálle un bico a teu pai.

Pasaron sete por min no río. Métete na casa do cura. Xa levaron a teu irmán.


Dálle un bico a teu pai. Márchanos sen criar. Aínda non te coñeces. Adeus meus olliños bonitos. Rézalle moito, como che dixer.



**...do que gustamos e do que non...**

A música derramada pola autopista azul  
a primeira visión do home-daimon  
deslizarme dentro da inconsciencia do cristal  
saberme dóce no fotograma coa morte...

Se a mente esperta e acaba o rumor do subconsciente  
abre un furado na resurrección  
e enterra en sal os meus libros.





...a escena faise, en fin,  
do mito, do sexo e da morte.

A escena colga da marxe esquerda da pantalla.  
Está feita de pegadas dos homes:  
do incesto edénico,  
da morte de deus,  
do sindicato dos pobres,  
do home de sexo proscrito,  
da muller que foxe dos peitos,  
da calada de adolescencia,  
da primeira erección,  
do solimán lácteo que sempre cospes,  
das imaxes que inchan a memoria,  
do sangue, morto ou vivo  
do que gustamos e do que non.  
A escena faise, en fin,  
do mito, do sexo e da morte.



Este libro rematouse  
de imprimir nos talleres de Litosprint  
cando se facían 23 anos  
da Revolución dos Cravos.



Chámome María e nacín nun taxi o día da República á hora da lúa máis chea, en 1979. Sobrevivo en Cee e engroso as filas do Batallón Literario da Costa da Morte e da Asociación Cultural Arre-Sentelha!.

Tamén me gustaría ter nacido no tempo dos comedores de opio, das vidas ao límite e dos cazadores de lume.

Comecei a explorar a poesía haberá un ano guiada polos versos do meu compañeiro e agora é un vicio do que espero non rehabilitarme. Polo de agora ofrezco a miña primeira visión, o meu primeiro cadro de imaxes, un pequeno plano das rutas que perseguen os meus sentidos.



